

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 24 DE AGOSTO DE 2007.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DEZ HORAS E CUARENTA E CINCO MINUTOS** do día **VINTECATRO DE AGOSTO DE DOUS MIL SETE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ e D<sup>a</sup> OFELIA REY RECIMIL** e o concelleiro **D<sup>o</sup> JAVIER CUIÑA MACEIRA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

Non asiste: **D<sup>a</sup> MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**2º.- CONTRATACIÓN.-**

**3º.- SUBVENCÍONS.-**

**4º.- URBANISMO.-**

**5º.- INTERVENCIÓN.-**

**ROGOS E PREGUNTAS.-**

**1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**1.1.-** Escrito de Espina & Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 3656, de data 13 de agosto de 2007, remitindo o resultado dos análisis das augas das piscinas de Silleda e Bandeira, correspondentes as mostras tomadas o día 6 de agosto de 2007.

A Xunta de Goberno Local queda enterada, e acorda dar traslado deste escrito ó servizo municipal de fontanería.

**1.2.-** Escrito de Espina & Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 3758, de data 22 de agosto de 2007, remitindo análise completo da potabilidade da auga de consumo correspondente á ETAP de Silleda.

A Xunta de Goberno Local queda enterada, e acorda dar traslado deste escrito ó

servicio municipal de fontanería.

**1.3.-** Escrito das Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 3788, de data 23 de agosto de 2007, correspondente ó expediente MA961A 2007/000646-4 de denuncia ambiental da Patrulla do Seprona de Lalín contra Dº José Antonio Nunes Ginja, con motivo de producirse vertido de purines procedentes da granxa de gando porcino ubicada na parroquia de Ocastro (Silleda) non presentado o denunciado a correspondente licenzia municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir o expediente á Oficina Técnica Municipal para comprobación da existencia da licenzia e posterior informe, o cal será remitido á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

**1.4.-** Escrito da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Innovación e Industria, Rexistro de Entrada nº 3771, de data 22 de agosto de 2007, remitindo copia da resolución do 11 de xullo de 2007, pola que se publica a relación de parques eólicos singulares admitidos a trámite ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2007 (DOGA nº 54, de 10 de xaneiro de 2005), quedando fora do mesmo o Concello de Silleda.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

## **2º.- CONTRATACIÓN.-**

**2.1.-** Dada a necesidade e conveniencia de cubrir os riscos derivados da actividade municipal deste Concello, accidentes do persoal dependente do mesmo e danos de bens de propiedade municipal, faise necesario para este Concello contratar unha póliza de seguros que cubra estas continxencias, por todo elo,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Que pola Secretaria se emita informe en relación co procedemento a seguir e a Lexislación aplicable.

2.- Que por parte da Interventora se emita informe sobre a existencia de consignación suficiente para autorizar o gasto da contratación referenciada, así como do importe dos recursos ordinarios do Presuposto en vigor e a porcentaxe que supón a contratación en relación con tal importe.

3.- Que se redacte o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexirá o contrato de servizos de seguros polo procedemento negociado sin publicidade.

## **3º.- SUBVENCIONES.-**

**3.1.-** Escrito da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 3790, de

data 23 de agosto de 2007, remitindo copia do acordo adoptado pola Xunta de Goberno da mencionada Deputación, na súa sesión do 18 de xullo de 2007, de aprobación do gasto e declaración de aboo da cantidade de 12.020,24 € para o pago da subvención concedida no PAM/05, para a obra nº 183/98 denominada “Local Social de Curro-Cira”.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**3.2.-** Escrito de Dº Manuel González Pena, Rexistro de Entrada nº 3740, de data 21 de agosto de 2007, solicitando axuda económica con motivo da celebración do Pilar, o día 2 de setembro de 2007 e da cena veciñal o día 31 de agosto de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda otorgar unha subvención de 400 €, cantidade destinada para tódalas festas parroquiais do municipio, así como dar traslado deste acordo ó interesado e a Intervención.

**3.3.-** Vista a Orde da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, do 12 de xullo de 2007, pola que se convoca para o ano 2007 a concesión de axudas destinadas a entidades locais de Galicia para a mellora de xestión e explotación dos puntos limpos construídos para a xestión de residuos sólidos urbanos, esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Solicitar á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible ó abeiro da Orde do 12 de xullo de 2007 unha concesión de axuda para a mellora de xestión e explotación do punto limpo do Concello de Silleda

2º.- O compromiso de permitir o emprego do punto limpo municipal por usuarios procedentes de concellos que non dispoñan deste servizo.

3º.- O compromiso de levar un libro-rexistro debidamente dilixenciado pola secretaria do Concello, no que o persoal encargado do punto limpo rexistrará obrigatoriamente todas as operacións de depósito de residuos facendo constar os datos identificativos do usuario

#### **4º.- URBANISMO.-**

##### **4.1.- Licencia de primeira ocupación.**

Visto o expediente instruído a instancia de OBRAS TÉCNICAS DE GALICIA, S.L., con domicilio a efectos de notificación na rúa Rodo, nº 24 (Lalín), que solicita, en data 6 de agosto de 2007, con número de rexistro de entrada 3.543, a regulamentaria licencia municipal de primeira ocupación de edificios para edificación composta por planta soto para garaxes, planta baixa para local comercial, tres plantas altas para nove vivendas e planta baixo cuberta para trasteiros, sita na rúa PPO nº 19 de Bandeira (Silleda).

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local de 27 de decembro de 2005 concedeuse a preceptiva licencia de obras.

Visto que, polo interesado se presenta certificado final da dirección de obra, asinado polos técnicos directores das obras e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos en data 12 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, visto os informes favorables emitidos polo Asesor Técnico Municipal, de data 22 de agosto de 2007 e pola Secretaria da Corporación, de data 24 de agosto de 2007, acorda por unanimidade:

1º.- A concesión de licencia de primeira ocupación a OBRAS TÉCNICAS DE GALICIA, S.L., para edificación composta por planta soto para garaxes, planta baixa para local comercial, tres plantas altas para nove vivendas e planta baixo cuberta para trasteiros, sita na rúa PPO nº 19 de Bandeira (Silleda)

2º.- Aprobar a liquidación de taxas e que ascende a 224,57 € que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

#### **4.2.- Licencia de segregación.**

**4.2.1.-** Dase conta da solicitude presentada por D. Antonio Rodríguez Loureiro, en representación de EDIFAR DESARROLOS URBANOS, S.L., con domicilio social na rúa San Isidro número 2, baixo de Silleda, Rexistro de Entrada nº 3500, de data 2 de agosto de 2007, solicitando parcelación en tres partes a finca que ten fronte a rúa María Colmeiro número 43 (Silleda).

Carecendo o expediente de informe xurídico dado que o devandito expediente non estivo a disposición de secretaría ata o mesmo día de celebración da Xunta de Goberno Local, resultando en consecuencia imposible realizar o preceptivo informe.

Visto o informe emitido polo Asesor-Técnico municipal, de data 3 de agosto de 2007, no que se sinala:

*“1º.- A finca matriz que se sinala no proxecto técnico (asinado polo arquitecto técnico don José Pereiras Sánchez e visado polo Colexio de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra en data 1 de agosto 2007) aportado coa solicitude ten unha superficie de 1.319,00 metros cadrados, e sitúase parte dela en solo clasificado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como Solo Urbano Edificación Cerrada (SU/EC) e outra parte en Solo Urbanizable Non Programado Residencial (SUNP/R).*

*Conforme ó vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, é divisible e cumpre co establecido na Sección 4ª (parcelacións), artigo 204, da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro.*

*Os seus lindeiros son os seguintes:*

*Norte: Herdeiros de Daniel Vázquez Armada..  
Sur: Herdeiros de Luis Ares Cacheiro*

*Este: Camiño  
Oeste: Rúa M<sup>a</sup> Colmeiro*

*2º.- Preténdese parcelar en tres dita finca matriz, que quedaría do seguinte xeito:*

*Parcela número 1 : Cunha extensión superficial de 504,72 m<sup>2</sup>, sitúase toda ela en solo clasificado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como Solo Urbano Edificación Cerrada (SU/EC), sendo os seus lindeiros: e cos seguintes lindeiros:*

*Norte: Parcela n<sup>o</sup> 2 resultante da segregación  
Sur: Herdeiros de Luis Ares Cacheiro  
Este: Parcela n<sup>o</sup> 3 resultante da segregación  
Oeste: Rúa M<sup>a</sup> Colmeiro*

*Parcela número 2: Cunha extensión superficial de 158,04 m<sup>2</sup>, sitúase toda ela en solo clasificado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como Solo Urbano Edificación Cerrada (SU/EC); sendo os seus lindeiros:*

*Norte: Herdeiros de Daniel Vázquez Armada  
Sur: Parcela n<sup>o</sup> 1 resultante da segregación  
Este: Parcela n<sup>o</sup> 3 resultante da segregación  
Oeste: Rúa M<sup>a</sup> Colmeiro*

*Parcela número 3: Cunha extensión superficial de 656,24 metros cadrados, sitúase toda ela en solo clasificado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como Solo Urbanizable Non Programado Residencial (SUNO/R), sendo os seus lindeiros:*

*Norte: Herdeiros de Daniel Vázquez Armada  
Sur: Herdeiros de Luis Ares Cacheiro  
Este: Camiño  
Oeste: Parcelas números 1 e 2 resultantes da segregación*

*3º.- As parcelas resultantes da parcelación cumpren coas condicións establecidas no vixente PXOM e na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 30 de decembro*

*Polo tanto non se aprecia inconveniente para o outorgamento da licenza de parcelación solicitada.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da licenza de segregación solicitada.

#### **4.3.- Actividades Clasificadas:**

**4.3.1.-** Examinado o expediente promovido por D<sup>a</sup> ANA SOUTO REY, en virtude de instancia nº 1750 de data 25 de abril de 2007, solicitando Licencia de actividade correspondente a apertura de local para dedicalo a zapatería e complementos, situado na rúa Santa Olaia, nº 7-baixo (Silleda), segundo proxecto da Arquitecta Técnica D<sup>a</sup> Paula Fernández Pena, visado polo Colexio Oficial en data 25 de abril de 2007, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpíndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 21 de agosto de 2007.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e súa adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradicción co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 1750/07 instada por D<sup>a</sup> ANA SOUTO REY, para apertura de local para dedicalo a zapatería e complementos, situado na rúa Santa Olaia, nº 7-baixo (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental) para que emitan informe previo á concesión da correspondente licencia.

**4.3.2.-** Examinado o expediente promovido por D<sup>a</sup> MARIA SONIA GARCIA DOBARRO, en virtude de instancia nº 2958 de data 27 de xuño de 2007, solicitando Licencia de actividade correspondente a acondicionamento e apertura de local para dedicalo a cínica fisioterapia, situado na rúa Santa Olaia, nº 7-baixo (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto Técnico D<sup>o</sup> José Mario Barreira Cuñarro, visado polo Colexio Oficial en data 20 de xuño de 2007, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 20 de agosto de 2007.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e súa adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradición co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 2958/07 instada por D<sup>a</sup> MARIA SONIA GARCIA DOBARRO, para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a clínica fisioterapia, situado na rúa Santa Olaia, nº 7-baixo (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental) para que emitan informe previo á concesión da correspondente licencia.

#### **5º.- INTERVENCIÓN.-**

Visto o informe emitido pola Interventora do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00005-07, de data 24 de agosto de 2007, ascendendo a mesma a un importe total de 19.898,45 □□□

#### **ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo intervencións.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as doce

horas e dez minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,